

#ConectaESGalega
Cultura en movimiento



ENTREVISTA

XEITURA, XESTIÓN INTEGRAL DO PATRIMONIO



ANO DE CREACIÓN

2014

LOCALIZACIÓN

Allariz, Ourense

SERVIZOS

Servizos de arqueoloxía (investigación, conservación e restauración) | Servizos de Turismo Cultural e Difusión patrimonial | Servizos de Turismo Activo | Sinalización e Deseño de Rutas interpretativas | Xestión de servizos como o Centro de Interpretación do Campamento romano de Aquis Querquennis en Bande ou a Recepción do Castelo de Castro Caldelas, Festival de Xardíns, entre outros.

EQUIPO

Actualmente somos **seis persoas socias** na cooperativa. Todas co mesmo grao de **participación** e poder de decisión.

O número de **persoas empregadas** oscila entre os cinco ou dez, e aumenta en temporada alta estival ata uns quince ou vinte.

COMO NACEU O VOSO PROXECTO CULTURAL?

Naceu das inquedenzas de dúas persoas, Martiño e Manuel, que estabamos ou ben desvinculados da carreira de Historia ou ben con bolsas e traballo precario. Por iso, decidimos **aproveitar as carencias que observamos en Allariz** dentro do sector turístico e mesturalo todo nunha engrenaxe na que o Patrimonio sexa **investigado, conservado e posto en valor.**

Unha exemplo da idea sería un concello que posúe, ten ou quere poñer en valor un castro.

A nosa forma de entendelo sería que puideramos **dar todos os servizos relacionados con ese patrimonio**; é dicir, escavar e investigar ese castro empregando a arqueoloxía, conservalo e restauralo para musealizalo e así poder difundilo entre a veciñanza e os visitantes. Para isto foi preciso ir engadindo persoas ao proxecto:

Begoña, tamén socia fundadora e a encargada da parte didáctica do patrimonio; Noemí, experta en Historia da Arte e Guía Turística de Galicia; Toni, responsable de Turismo Activo e Raúl de Medio Ambiente.

QUE DESTACARÍADES DA VOSA TRAXECTORIA?

Proxectos bos ou con **bos recordos** temos do programa de visitas teatralizadas ao Castelo de Monterrei, un traballo realizado por toda a cooperativa, así como levar adiante as escavacións de xeito continuado dende hai xa unha década do Castro da Saceda, o primeiro castro declarado Ben de Interese Cultural da provincia de Ourense. Os malos momentos chegaron cando máis medrou a cooperativa, xa que o fixo **moi rápido** e case nos atropela, e ver como algunhas ideas ou proxectos non puideron ir adiante.

OS RETOS


Retos **xorden tódolos días**, moitísimos ao traballar con Patrimonio e ver como este está denostado, abandonado e maltratado na nosa Provincia. Continuamente xorden ideas para **poder aproveitalo e tratalo como se merece**, ou cando menos, intentar aproveitar convocatorias, axudas, etc., que sirvan para poñelo en valor, e con iso, redundar no beneficio local, que é, en definitiva, a nosa misión final.

O TECIDO CULTURAL GALEGO

O tecido cultural galego está aí, aguantando o tirón, con xente realmente válida, con talento e grandes ideas. Falta algo de axuda por parte da administración, non tanto a nivel económico senón administrativo e burocrático, axudando e acompañando aos emprendedores. Ás veces, chegaría simplemente con **non poñer trabas**.

A ECONOMÍA SOCIAL PROPICIA O EMPRENDEMENTO CULTURAL?

Si é máis que evidente que hoxe emerxe todo este sector. O tema está un pouco nas persoas, na mentalidade, e consiste en **desarraigar a visión clásica do cooperativismo** ligado aos traballos do sector agrogandeiro, e **ver todas as posibilidades que ofrece noutro ámbitos.**

A man in a red shirt and backpack is leading a group of people on a stone path. He is gesturing with his right hand towards the path ahead. The group consists of several people of various ages, some wearing jackets and hats, suggesting a cool environment. The path is made of large, irregular stones and is bordered by a low stone wall on the right. The background shows more of the path and some greenery.

Con ilusión, actitude e
comezando amodiño, malo será
que non emerxan grandes
proxectos.